

**INTERVENCIÓN NO ÁMBITO FAMILIAR**  
**PAUTAS PARA MELLORAR A CONDUCTA**

- **Establecer claramente as normas na casa.** Por exemplo: poñer e recoller a mesa, ordenar a habitación, recoller os xoguetes despois de usalos, lavar os dentes, lavar as mans, pedir as cousas por favor, dar as grazas, esperar o turno, etcétera.
- **Felicitar e premiar as condutas positivas e ignorar as condutas que só buscan chamar a atención.** Por exemplo: cando recolle os xoguetes decirlle moi ben, estou moi contenta/o, ou fixéchelo moi ben.
- **Dedicar un tempo a falar cos fillos.** Un bo momento pode ser ao deitalo. Podes preguntarlle o que fixo na escola e ti ao mesmo tempo podes contarlle como che foi o día.
- **Cando un castigo sexa necesario, aplícalo reflexivamente.** Asegurarse que garda relación e proporción coa conduta desaxustada. (Técnicas Básicas de Disciplina).
- **É moi importante que os adultos que conviven cos rapaces teñan o mesmo criterio á hora de educar ós fillos.** É necesaria a colaboración entre a familia e o centro educativo para ter os mesmos obxectivos educativos.
- **Non sexan vostedes un modelo negativo para o seu fillo.** O neno non debe observar nos pais unha intranquilidade notoria, nin excesivo nerviosismo nin demasiado movemento desasosegado. O neno aprende imitando as condutas dos pais.

***Poña en práctica estas normas sistematicamente dun modo continuado aínda que non observe resultados espectaculares inmediatos. Non o realice a medias. Aplique estas normas consistentemente.***